


EXPTE: 23/2016: "XESTIÓN DO CENTRO DE DÍA MUNICIPAL DE SANXENXO", MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCESIÓN"

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aprobado o expediente de contratación, mediante procedemento negociado para a adxudicación da prestación do servizo de **"XESTIÓN DO CENTRO DE DÍA MUNICIPAL DE SANXENXO", MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCESIÓN"**

Presentada a documentación, sinalada na cláusula 10ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, o 30 de setembro de 2016 requirida Clece SA, único licitador presentado para optar a esta contratación, cuxo proposta foi admitida e que acadou unha puntuación de 30,00 puntos, de acordo ao disposto no informe técnico de valoración das ofertas admitidas emitido pola traballadora social, Dona Milagros Sanmartín Fraga o 23 de setembro de 2016, e á vista da fiscalización positiva/favorable emitida ao respecto pola Intervención Municipal en data 27 de setembro de 2016, esta alcaldía **RESOLVE:**



1º) Adxudicar, o contrato da "XESTIÓN DO CENTRO DE DÍA MUNICIPAL DE SANXENXO", MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCESIÓN, á empresa "CLECE SA" conforme ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao prego de prescricións técnicas e ao proxecto de xestión polo que se rixe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario, que prestará os servizos polo prezo de licitación: 465,00 €/MES/USUARIO E TRANSPORTE 49,17 €/MES/USUARIO, debendo procederse a súa formalización en documento administrativo dentro dos QUINCE (15) DÍAS HÁBILES seguintes ao da notificación da adxudicación ó adxudicatario, conforme o sinalado na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas particulares. A duración do contrato é de SEIS (6) MESES SEN POSIBILIDADE DE PRÓRROGA e comezará a contar dende a data da efectiva xestión do servizo, que non poderá tardar mais de 15 DÍAS dende a firma do contrato, agás que este retraso se deba a causas non imputables ao contratista. En todo caso levantarase acta do comezo efectivo da xestión do servizo polo concesionario.

2º) Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A esta licitación foron invitadas tres empresas, e únicamente unha delas presentou proposición para optar a súa contratación, sendo admitida e que a continuación se cita:



Plica núm. UN: Presentada por Dona Mónica Manrique Samaniego, en representación da persoa xurídica CLECE S.A, de Valladolid. De conformidade co informe técnico de data 23 de setembro de 2016 de valoración das proposicións presentadas, e que obra no expediente, a traballadora social Dona Milagros Sanmartín Fraga outórgalle á plica 00,00 puntos polo criterio de prezo e 30,00 puntos pola Memoria de Xestión do Centro de Día, obtendo unha **puntuación total de 30,00 puntos.**

3º) Aprobar o gasto, con cargo á partida orzamentaria 23111 / 22799 do orzamento separado do Organismo Autónomo "Terra de Sanxenxo" por un importe de 271.484,76 Euros (IVE engadido), que correspondería ao importe máximo facturado pola empresa concesionaria, en concepto do nº máximo de usuarios e polo transporte durante a duración do contrato, 6 meses.

4º) Notificar esta resolución ao licitador presentado a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a trinta de setembro de dous mil dezaseis.

O alcalde

Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, secretario xeral

Angel Luis López Pita